



AS REVOLUCIÓNS INDUSTRIAIS E O MOVEMENTO OBREIRO



"Fabricando aceiro por Skinner" (Science Museum, London CC-BY-NC-SA 4.0)



ÍNDICE

AS REVOLUCIÓNS INDUSTRIAIS E O MOVEMENTO OBREIRO

1. CONCEPTO, ORIXE E TRAZOS DA PRIMEIRA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL.....	1
1.1 Concepto e orixes da Revolución Industrial.....	1
1.2 Trazos da Primeira Revolución Industrial.....	2
<i>Exercicios</i>	3
2. TRANSCENDENCIA E CONSECUCIAS DA PRIMEIRA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL.....	4
2.2 Consecuencias da Primeira Revolución Industrial.....	4
<i>Exercicios</i>	5
3. O MOVEMENTO OBREIRO.....	6
<i>Exercicios</i>	7
4. A SEGUNDA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL.....	8
<i>Exercicios</i>	8
SOLUCIÓNS.....	9

1. CONCEPTO, ORIXE E TRAZOS DA PRIMEIRA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

1.1 Concepto e orixes da Revolución Industrial

A Primeira Revolución Industrial foi un proceso iniciado en Inglaterra a mediados do século XVIII que se espallou ao resto do mundo ao longo do século XIX e que supuxo o cambio dunha **economía** en gran medida agraria, gandeira e artesanal a outra **baseada na produción industrial e a mecanización**.

A máquina substituíu o traballo manual, as grandes fábricas sucederon os pequenos talleres artesanais, a cidade e a industria pasaron a predominar sobre o mundo rural.



"Coalbrookdale de noite" (Philippe Jacques de Loutherbourg CC-BY-NC-SA)

Para que tivese lugar a Revolución Industrial aconteceu previamente unha **Revolución Agraria** en Inglaterra que deu lugar a un novo modelo agrario capitalista, que substituíu o do Antigo Réxime e que se caracterizou polos seguintes trazos:

- Novos sistemas de cultivo que remataron por eliminar o barbeito, destacando a rotación continua de cultivos co **sistema Norfolk** que producía forraxes para o gando. Deste xeito incrementouse a gandaría, o cal facilitou máis esterco para aumentar a produtividade da terra, e a carne e o leite, que melloraron a alimentación humana. O sistema Norfolk converteuse no modelo para imitar.
- Renovación técnica agrícola constante, coa mellora da ferramenta e utilización de aparellos mecánicos agrícolas, reducindo a man de obra campesiña e aumentando a produtividade.
- Uso de fertilizantes artificiais e de insecticidas na loita contra as pragas, aproveitando os adiantos da química.
- Aparición e desenvolvemento dun **novo modelo agrario** coa especialización rexional, alta produtividade por hectárea. Pasouse dunha agricultura autosuficiente e de policultivo a outra especializada destinada á comercialización da produción, ademais de cultivar produtos de alta demanda.
- Novo concepto da agricultura por parte dos propietarios agrícolas, que pasaron a considerar a agricultura como unha fonte de ingresos que podían ser investidos na renovación agrícola, na industria e no comercio, e que xa non se conformaban co pagamento das rendas por parte dos campesiños.


- Cambios no sistema da propiedade da terra. A través das **leis de cercado** (*Enclosures Acts* 1845) en Inglaterra, os *openfields* ou campos abertos, explotados en comunidade e pouco produtivos, foron substituídos por propiedades privadas individuais que era obrigatorio cercar co obxectivo de obter un beneficio individual. Deste xeito, moitos campesiños pobres non propietarios, sen cartos para facer as cercas, convertéronse en xornaleiros suxeitos a un salario ou emigraron ás cidades para traballar na industria.

Pola súa vez, a Revolución Agrícola contribuíu á Revolución Industrial aumentando a poboación urbana, subministrando capital para financiar a industrialización e proporcionando man de obra barata para a industria.

1.2 Trazos da Primeira Revolución Industrial

Os trazos máis destacados da Primeira Revolución Industrial serían:

- O xurdimento do **maquinismo**, coa incorporación das máquinas ao proceso produtivo e cada vez máis especializadas na función que realizan. O seu desenvolvemento trouxo como consecuencia o rápido crecemento da produción industrial, o descenso do prezo dos produtos industriais, a redución na man de obra necesaria na produción e a redución dos custos produtivos.
- A invención da **máquina de vapor** por James Watt en 1769. Aplicación da caldeira de vapor na industria, iniciándose coas máquinas de tecer e fiar, e en medios de transporte como o ferrocarril ou o barco de vapor.
- A aparición da **fábrica moderna**. Enténdese por *fábrica* unha unidade de produción formada por unha ou varias instalacións dotadas de máquinas, nas cales se concentran traballadores asalariados que realizan tarefas especializadas.
- Utilización do **carbón** como fonte de enerxía.
- Forte desenvolvemento inicial da **industria téxtil** do algodón e, posteriormente, da **industria siderometalúrxica**, debido á forte demanda do ferro para as novas ferramentas e máquinas, e da **industria do ferrocarril**.
- **Medio de transporte emblemático: o ferrocarril**. O aumento da produción agraria e industrial propiciou a invención dun novo medio de transporte: o ferrocarril. Stephenson foi o que converteu a locomotora en medio de transporte e construíu a primeira locomotora: a célebre Rocket, que uniría Manchester e Liverpool. O desenvolvemento do ferrocarril atraeu moitos capitais e estimulou o resto dos sectores produtivos, permitiu a interrelación dos mercados e mesmo a redución do



"Máquina de vapor de Watt e Boulton" (Science Museum, London CC-BY-NC-SA)

tempo nas comunicacións. O ferrocarril converteuse no símbolo do progreso e tivo lugar un rápido desenvolvemento das redes ferroviarias, non só en Inglaterra, especialmente tamén en Alemaña, Bélxica e Francia.



"Réplica Rocket de Stephenson" (Tony Hisgett CC-BY)

- **Transporte fluvial e marítimo.** O medio máis económico de transporte de mercadorías pesadas e voluminosas foi por auga. A navegación a vapor iniciouna Fulton no río Sena en 1803 e enseguida comezaron a botarse barcos de vapor.

EXERCICIOS

Exercicio 1

Que foi a Revolución Industrial?

Exercicio 2

Onde se iniciou a Primeira Revolución Industrial? Que sector industrial foi o primeiro que resultou afectado pola Revolución Industrial?

Exercicio 3

Por que o ferrocarril estaba considerado como un símbolo de progreso?



2. TRANSCENDENCIA E CONSECUCIAS DA PRIMEIRA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

2.1 Transcendencia da Primeira Revolución Industrial

A Primeira Revolución Industrial foi o proceso de cambio que **máis transformou as condicións de vida do ser humano**; supuxo un fenómeno irreversible nos diferentes países en que se desenvolveu, que padeceron profundos cambios de tipo social, político e económico. Así mesmo, a Revolución Industrial veu acompañada doutras revolucións:

- **Demográfica**, xa que no século XVIII a mortalidade diminuíu e a poboación aumentou. Así mesmo, a industrialización e os avances nos medios de transporte provocaron importantes movementos migratorios no século XIX.
- **Agrícola**, coa aparición dun modelo agrario capitalista en contraposición á agricultura do Antigo Réxime.
- **De transportes**, co desenvolvemento do transporte por ferrocarril, fluvial e marítimo.

2.2 Consecuencias da Primeira Revolución Industrial

Entre as principais consecuencias da Revolución Industrial destacamos as seguintes:

- **Consecuencias económicas:**

Desenvolvemento do **sistema económico capitalista**, caracterizado por:

- O capital (terras, fábricas, diñeiro, máquinas, mercadorías, materias primas) é o factor básico para procurar cada vez unha maior obtención de beneficios.
- A liberdade económica total sen ningunha intervención do Estado.
- A propiedade privada dos medios de produción e dos bens producidos.
- A man de obra formada por traballadores asalariados con división de tarefas.

- **Consecuencias sociais:**

Xurdimento dunha sociedade organizada en **clases sociais** con dous novos grupos diferenciados pola súa riqueza: a **burguesía**, propietaria dos medios de produción ou do capital, e o **proletariado**, constituído polos obreiros que traballaban nas fábricas. Trátase dunha sociedade non estática contraria á do Antigo Réxime, caracterizada pola riqueza, como criterio de diferenciación e ascenso social, e a desigualdade económica.



- **Consecuencias políticas:**

A formación de gobernos liberais froito das primeiras revolucións liberais contemporáneas porá en marcha unha política económica beneficiosa para o desenvolvemento industrial e beneficiará os intereses da gran burguesía capitalista.

EXERCICIOS

Exercicio 4

Cita dous aspectos da visión da economía do capitalismo.

Exercicio 5

Cal é o criterio de organización social coa Revolución Industrial? Existe mobilidade social?

3. O MOVEMENTO OBREIRO

Co desenvolvemento da Revolución Industrial, a burguesía foi o grupo social máis beneficiado, xa que pasou a posuír o dominio económico e o dominio político-ideolóxico. Porén, o proletariado, para poder vivir, vendía a súa forza de traballo a cambio dun salario e estaba exposto aos intereses da burguesía, empeñada en obter os máximos beneficios co seu traballo. Tratábase dunha sociedade inxusta e desigual caracterizada:

- Pola man de obra abundante e barata.
- Pola ausencia de lexislación laboral.
- Polas esgotadoras e interminables xornadas de traballo.
- Polos salarios escasos, as mulleres e os nenos recibían un menor salario.
- Polas condicións ínfimas de hixiene e seguridade no traballo.

Estas duras condicións de vida do proletariado motivaron o xurdimento dunha nova conciencia de clase do proletariado, marxizada polo sistema e que orixinará o movemento obreiro de reivindicación de melloras e cambios nos diferentes países industrializados.

Entre as primeiras formas de protesta dos obreiros figuran:


- **O movemento ludita**, violento e espontáneo, baseado na destrución das máquinas, considerado a causa do empeoramento das condicións laborais.
- **As sociedades obreiras**, que eran asociacións de traballadores na procura de melloras. Entre elas atopamos as **sociedades de socorro mutuo**, para axudas en caso de desemprego e enfermidade, e posteriormente os **sindicatos**, que inicialmente agrupaban os traballadores dunha mesma profesión ou fábrica nunha cidade e que alentarán os obreiros cara á **folga** como **forma de protesta**.

Como consecuencia dos aspectos negativos do desenvolvemento da Revolución Industrial e do capitalismo xurdiron dous movementos ideolóxicos en defensa do proletariado:

- **O socialismo marxista**, baseado nas ideas de **Karl Marx**, que defendía que, para superar a súa opresión, o proletariado debía conquistar o poder a través dunha revolución, concentrando a propiedade privada e os medios de produción en mans do Estado para posteriormente dar lugar a unha sociedade comunista, sen diferenzas de clases.
- **O anarquismo**, co seu líder máis destacado **Mijail Bakunin**, que propoñía unha sociedade igualitaria coa eliminación da propiedade privada, do Estado e de todo tipo de autoridade e institucións.

En 1864 fundouse en Londres a Asociación Internacional de Traballadores (AIT) ou **Primeira Internacional**, para organizar un movemento sindical que coordinase as actuacións das asociacións obreiras nacionais e así dar máis forza ás súas reivindicacións.

Dentro da **AIT** perfiláronse **dúas concepcións políticas** diferentes: a concepción **marxista**, segundo a cal o primeiro obxectivo da loita obreira sería acadar o goberno dos Estados para solucionar os problemas do proletariado; e a outra, a **anarquista**, que situaba como primeiro obxectivo da loita obreira a destrución do Estado, por considerala institución opresora. As disputas entre ambas, coa expulsión dos anarquistas en 1872 e a prohibición da actividade da AIT polos gobernos, motivaron a súa disolución en 1876.



"Marx" (Alfaain Zohra Fathima CCBY-SA 4.0)

EXERCICIOS

Exercicio 6

Define que é o sindicato.

Exercicio 7

Que diferenza hai entre marxismo e anarquismo con respecto ao Estado?



4. A SEGUNDA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

A partir de 1870 e ata o inicio da Primeira Guerra Mundial tivo lugar a denominada Segunda Revolución Industrial que, ademais de estenderse por Europa e América, abrangueu tamén Xapón. Algúns trazos básicos que permiten caracterizar esta etapa serían os seguintes:

- Emprego de **novas fontes de enerxía**, que substituíron o carbón: o **petróleo** (empregado especialmente como combustible para motores) e a **electricidade**.
- **Novos sectores industriais**: a pesar de que o ferrocarril seguiu estimulando a siderurxia, a industria téxtil foi desbancada por outras como a **química**, con múltiples aplicacións como plásticos, colorantes, pinturas..., ou a **alimentaria**. Pola súa banda, a **industria eléctrica** fixo posible a fabricación dunha gran cantidade de motores ou aparellos electrodomésticos. Nos transportes destacou a **invención do motor de explosión**, orixe do **automóbil** e do **avión**.
- Nova organización do traballo na fábrica co xurdimento do **fordismo**, baseado na fabricación en serie, na cal o obreiro permanecía sempre no seu posto de traballo realizando a mesma tarefa, e o **taylorismo**, consistente na redución dos movementos inútiles por parte do obreiro para obter o máximo rendemento.
- Nacemento de **imperios económicos** como o de Rockefeller no petróleo, Morgan na banca ou Ritz na hostalaría.



EXERCICIOS

Exercicio 8

A que se debe a importancia da industria química na Segunda Revolución Industrial?



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

O proceso polo cal a humanidade pasou dunha estrutura fundamentalmente de base agraria, gandeira e artesanal a outras estruturas económicas fundamentadas na produción industrial e na mecanización.

Exercicio 2

En Inglaterra. A industria téxtil algodoeira.

Exercicio 3

Porque ía asociado ao aumento da produción agraria e industrial, ataba capitais, interrelacionaba os mercados e reducía o tempo das comunicacións.

Exercicio 4

Non intervención do Estado na economía e propiedade privada dos medios de produción.

Exercicio 5

O criterio de ascenso social é a riqueza e trátase dunha sociedade con mobilidade social, ao contrario que no Antigo Réxime.

Exercicio 6

Asociación de traballadores para loitar unidos polos seus dereitos; nun principio, dunha mesma fábrica ou da mesma profesión nunha cidade.

Exercicio 7

A diferenza fundamental é que o anarquismo propón a abolición do Estado, mentres que o marxismo utilizaría o Estado para chegar á sociedade comunista.

Exercicio 8

A súa diversificación e o emprego en diferentes usos como como os plásticos, colorantes ou pinturas.